

Vítor e David eran veciños e foran moi amigos de pequenos, dende os dous ata os dez anos. Daquela as súas vidas separáronse ata que se volveron atopar moitos anos despois.

Un feliz encontro no que lembraron e compartiron momentos da memoria vivida. Nestas páxinas David comparte co seu amigo un conto que lle contara seu avó onde lle explicaba a diferenza entre a sorte e A Boa Sorte.

A través desta marabillosa parábola coñecera-lo Mago Merlín, os cabaleiros, as pedras faladeiras, os bosques encantados e moitas máis cousas.

Todos eles saben a diferenza entre a sorte e A Boa Sorte e hancha contar.

ISBN 84-934116-0-4



9 788493 411602



PRC121000003070

«Marabillosa! Conmovera! Será un clásico. Este relato fascinaralles a rapaces e a adultos como xa sucedera con *O Principiño* de Saint-Exupéry.»

Philip Kotler

A Boa Sorte

ÁLEX ROVIRA CELMA · FERNANDO TRÍAS DE BES

A Boa Sorte

ROVIRA CELMA

FERNANDO TRÍAS DE BES

83
ROV
boa



Xixirín S.L.U.
O Souto de Veá
E-36683 A Estrada



Primeira edición de Xixirín: Novembro 2004

© 2004 by Álex Rovira Celma and Fernando Trías de Bes

© das ilustracións interiores 2004 by Josep Feliu Escudé

© 2004 da edición en galego by Xixirín S.L.U. Tódolos dereitos reservados, incluíndo o dereito de reprodución, en todo ou en parte, de ningunha maneira.

Deseño da cuberta, interiores e maquetación: Fran Ameixeiras

Impreso por Gráficas ATV

ISBN: 84-934116-0-4

Depósito Legal: PO-269-2004

Manufacturado en Galicia

ÁLEX ROVIRA
CELMA

FERNANDO TRÍAS
DE BES MINGOT

A Boa Sorte

Os libros do Xixirín

ÍNDICE

Dedicatoria	9
Primeira parte:	
O encontro	13
Segunda parte:	
A lenda do Trevo Máxico	25
I O desafío de Merlín	27
II O gnomo, Príncipe da Terra	31
III A dama do Lago	41
IV A Sequoia, raíña das Árbores	51
V Ston, a Nai das Pedras	61
VI O encontro dos cabaleiros no bosque ..	71
VII A bruxa e maila Curuxa visitan a Nott ..	75
VIII A bruxa e maila Curuxa visitan a Sid ...	81
IX O vento, Señor do Destino e da Sorte ..	85
X O reencontro con Merlín	93
Terceira parte:	
O reencontro	101
Cuarta parte:	
Algunhas persoas que están de acordo	109
Quinta parte:	
Decálogo, síntese e nova orixe da boa sorte	115

*Ós meus fillos. Laia e Pol,
e a tódolos nenos para os que os contos son escritos.
Tamén ó neno que sempre, sexa cal sexa a nosa idade,
levamos dentro,
porque nel reside a alegría,
o anhelos e a paixón pola vida,
ingredientes imprescindibles para a Boa Sorte.*

*A meus pais, Gabriel e Carmen,
polo seu amor, a súa fe e o seu exemplo.
E a tódolos pais, dos que o amor polos seus fillos
devén na semente da Boa Sorte.*

*Á miña parella, Mónica,
e a tódolos seres humanos que fan da súa vida
unha entrega xenerosa ó outro,
porque son o exemplo vivente de que os contos,
coma a vida, poden ter un final feliz.*

Álex Rovira Celma

*Para Guillermo Trías de Bes,
meu pai, con todo o meu amor e agradecemento,
pois el ensinome as regras da Boa Sorte
sen relatarme ningunha fábula; fíxoo co exemplo.*

*Meu pai é, de feito, o motivo principal
polo que sei que a Boa Sorte
pode crearse.*

*El foi quen me fixo ver que, esencialmente, é unha cuestión de fe,
de xenerosidade e Amor, con maiúsculas.*

Fernando Trías de Bes Mingot

PRIMEIRA PARTE:

O encontro

UNHA FERMOSA TARDE de primavera, Vítor, un home de aspecto elegante e informal, foise sentar ó que era o seu banco preferido do maior parque daquela gran cidade. Alí sentíase en paz, afrouxaba o nó da súa gravata e pousaba os pés descalzos sobre unha branda alfombra de trevos. A Vítor, que tiña sesenta e catro anos e un pasado cheo de éxitos, prestáballe aquel lugar.

Pero esa tarde sería distinta doutras; algo inesperado estaba a punto de ocorrer.

Achegábase ó mesmo banco, con intención de se sentar, outro home tamén nos seus sesenta, David. Tiña un andar canso, talvez abatido. Intuíase nel a alguén triste, aínda que conservaba, ó seu xeito, un certo aire de dignidade. David estábao pasando bastante mal neses momentos. De feito, pasáralo mal durante os últimos anos.

David sentouse onda Vítor e as súas miradas cruzáronse. O estraño foi que tanto un coma o outro, os dous ó mesmo tempo, pensaron que un vínculo os unía, algo coñecido... moi afastado, pero intimamente familiar.

—Ti es Vítor? —preguntoulle David con precaución.

—E ti David? —contestoulle Vítor, xa seguro de que recoñecía naquela persoa o seu amigo.

—Non pode ser!

—Non o podo crer, despois de tanto tempo!

Nese instante erguéronse, déronse unha aperta e botaron unha sonora gargallada.

Vítor e David foran amigos íntimos na infancia, dende os dous ata os dez anos. Eran veciños no modesto barrio onde viviron os seus primeiros anos.

—Recoñecinte por eses inconfundibles ollos azuis!

—explicoulle Vítor.

—E eu a ti por esa mirada tan limpa e sincera que tiñas hai..., hai... cincuenta e catro anos! Non cambiou en nada —respondeulle David.

Lembraron e compartiron entón anécdotas da infancia e recuperaron lugares e personaxes que crían esquecidos. Finalmente, Vítor, que distinguía na expresión do seu amigo unha sombra de tristeza, díxolle:

—Vello amigo, cóntame como che foi nesta vida... David encolleu os ombreiros e suspirou.

—A miña vida foi unha morea de despropósitos.

—Por que?

—Haste lembrar de que a miña familia deixou o barrio en que eramos veciños cando eu tiña dez anos,

que desaparecemos un día e nunca máis se soubo de nós. Resulta que meu pai herdou unha inmensa fortuna dun tío avó que non tiña descendencia. Fómonos sen lle dicir nada a ninguén. Meus pais non quixeron que se soubese que a sorte nos favorecera. Cambiamos de casa, de coche, de veciños, de amigos. Nese momento ti e mais eu perdémo-lo contacto...

—Así que foi por iso! —exclamou Vítor—. Sempre nos preguntabamos que vos pasara... E logo, tanta fortuna recibistes?

—Si. Ademais, unha parte importante do recibido en herdanza foi unha grande empresa téxtil en pleno funcionamento e con abundantes beneficios. Meu pai aínda a fixo medrar máis. Cando morreu, eu ocupeime dela. Pero tiven moi mala sorte. Todo foi en contra de min —explicou David.

—Que pasou?

—Durante moito tempo non cambiei nada, pois as cousas ían máis ou menos ben. Pero de súpeto empezaron a aparecer competidores por tódalas partes e as vendas baixaron. O noso produto era o mellor, así que eu tiña a esperanza de que os clientes se decatasen de que os nosos competidores non ofrecían a mesma calidade. Pero os clientes non entenden de teas. Se de verdade soubesen, daríanse de conta.

Así que se lanzaron a polos produtos das novas marcas que ían saíndo ó mercado.

David tomou alento. Lembrar todo aquilo non lle era agradable. Vítor permanecía en silencio, sen sabe-lo que dicir.

—Perdín moitos cartos, pero a empresa estaba aínda saneada. Intentei reducir custos tanto como puiden, pero canto máis o facía, máis baixaban as vendas. Estiven a piques de crear unha marca propia, pero non me atrevín. O mercado pedía marcas estranxeiras. Iso púxome no límite. Como último recurso pensei en abrir unha cadea de tendas propias. Tardei en me decidir e, cando o fixen, non lle puiden facer fronte ó custo dos locais, pois as vendas non o cubrían. Empecei a fallar nos meus pagos. Así que tiven que responder cos activos: a fábrica, as miñas terras, a miña casa, tódalas miñas propiedades... Tíveno todo na miña man, tiven todo o que quixen e perdino. A sorte nunca me acompañou.

—Daquela, que fixeches? —preguntoulle Vítor.

—Nada. Non sabía o que podía facer. Tódalas persoas que antes me gabaran agora dábanme as costas. Andei entre un emprego e outro, pero non me adaptei ou non me souberon entender... Chegou incluso un momento en que pasei fame... Sobrevivín durante máis de quince anos como puiden, gañando a vida coas propinas que obteño facendo recados e incluso recibindo axuda de xente boa que me coñece, no barrio onde vivo agora. A mala sorte sempre estivo comigo.

David non tiña gana de seguir falando, así que lle preguntou ó seu amigo:

—E a ti, como che foi na vida? Tiveches sorte?

Vítor esbozou un sorriso.

—Como lembrarás, meus pais eran pobres, máis pobres cós teus cando viviamos no barrio. As miñas orixes son moi humildes, sábelo ben, son precarias. Moitas noites non tiñamos que cear. Ás veces, incluso, túa nai traíanos algo porque sabía que na nosa casa as cousas non andaban ben. Como tamén sabes, non puiden ir ó colexio, así que estudei na universidade da vida. Empecei a traballar con dez anos, precisamente pouco tempo despois de que a túa familia e ti desaparecerades misteriosamente.

Empecei lavando coches. Despois traballei nun hotel, de rapaz dos recados. Máis tarde subín de categoría e traballei de porteiro de varios hoteis de cinco estrelas... Ata que ós vinte e dous anos me dei de conta de que *eu podía ter sorte, se mo propuña*.

—Como fixeches? —preguntoulle David, cun ton mestura de curiosidade e escepticismo.

—Adquirín un pequeno taller que estaba a punto de pechar. Merqueino cun crédito e con tódolos aforros dos que dispuña. Era un taller que fabricaba bolsos de pel. Eu vira bolsos de tódolos tipos nos restaurantes e nos luxosos hoteis en que traballei. Así que sabía o que lle gustaba á xente con cartos. Non tiña

máis que fabrica-lo que tantas veces vira levar cando traballaba como rapaz dos recados.

Ó principio, eu mesmo era o que me ocupaba tanto de fabricar como de saír a vender. Traballei polas noites e as fins de semana. O primeiro ano foi moi ben, pero volví a investir todo o que gañei en mercar máis xénero e en viaxar por todo o país, para pescuda-lo que se fabricaba noutras partes. Precisaba saber máis ca ninguén sobre bolsos de pel. Aprendín moito visitando tendas. Preguntáballes a tódolos que vía cun bolso o que lle gustaba e o que non do seu...

Vítor lembraba con paixón aqueles primeiros anos. Continuou:

—As vendas foron medrando. Durante dez anos volví a investir todo o que gañei. Busquei oportunidades onde pensei que as podía haber. Modifiquei cada ano os modelos dos meus bolsos que máis se vendían, nunca foron iguais. Nunca deixei un problema do taller para o día seguinte. Intentei se-la causa de todo o que acontecía arredor de min. Fun adquirindo un taller detrás doutro, despois viñeron as fábricas. Finalmente, conseguín crear un próspero negocio. A verdade é que non foi sinxelo, pero o resultado supera o que imaxinaba cando empecei.

David interrompeuno nese punto e matizou a última apreciación:

—Non será, en realidade, que tiveches moita sorte?

—Iso cres? Realmente coidas que só tiven sorte? —exclamou Vítor, sorprendido.

—Non quixen molestarte nin menosprezarte —explicou David cun fío de voz—. Pero resulta difícil de crer que ti só e-lo motivo dos teus éxitos. A sorte sorrille a quen o destino caprichosamente escolle. A ti sorriuche e a min non. Así che son as cousas, meu amigo.

Vítor quedou pensativo. De alí a un pouco, contestoulle:

—Mira, eu non herdei ningunha gran fortuna, pero recibín algo moito mellor de meu avó... Coñéce-la diferenza entre a sorte e a Boa Sorte, con maiúsculas?

—Non a coñezo —contestoulle David, sen mostrar interese.

—Aprendín a diferenza entre a sorte e a Boa Sorte cun conto que me explicaba meu avó cando vivía con-nosco. Pensei moitas veces, e aínda sigo pensando, que ese conto cambiou a miña vida. Acompañoume en momentos de medo, de dúbida, de incertidume, de confusión, e tamén en momentos de alegría, felicidade, gratitude... Gracias a ese conto decidín merca-lo taller co froito de seis anos de esforzo apaixonado e de aforro. Foi tamén este conto o detonante doutras moitas decisións que despois se revelaron cruciais na miña vida.

Vítor seguiu a falar, mentres David, coa cabeza afundida entre os ombreiros, miraba cara ó chan.

—Quizais ós sesenta e catro anos xa non está un para contos..., pero nunca é tarde para oír algo que pode ser útil. Como di o dito: *Mentres hai vida, hai esperanza*. Se o desexas, pódoo explicar.

David gardaba silencio, así que Vítor proseguíu.

—É un conto que lle axudou a moita xente. E non só a xente do mundo dos negocios, tamén a emprendedores e a profesionais de tódolos campos. As persoas que aprenden e asumen a diferenza entre a sorte a secas e a Boa Sorte obtiveron excelentes resultados nos seus traballos, nas empresas en que traballaban. A outros serviulles mesmo para cultivar un amor. Tamén lles serviu a deportistas, a artistas, a científicos e a investigadores... E dígocho porque o observei de primeira man; teño xa sesenta e catro anos e son testemuña do efecto da lenda en moitas desas persoas.

David incorporouse e falou, quizais movido pola curiosidade:

—De acordo, dime, cal é diferenza entre a sorte e a Boa Sorte?

Vítor meditou antes de contestar.

—Cando a vosa familia recibiu a herdanza tiveses sorte. Pero esa sorte non depende dun, por iso tampouco dura demasiado. Só tiveches algo de sorte, e esa é a razón de que agora non teñas nada. Eu, en cambio, dediqueime a crear sorte. A sorte, a secas, non depende de ti. A Boa Sorte, *só depende de ti*. Esta últi-

ma é a verdadeira. Se che digo a verdade, creo que a primeira non existe.

David non daba crédito ó que oía.

—Estasme a dicir que a sorte non existe?

—De acordo... digamos que si existe, pero é tan improbable que non ten sentido esperar a que te alcance precisamente a ti, a calquera. E, se ó final chega, non dura demasiado, é pasaxeira. Sabías que case o noventa por cento das persoas ás que lles tocou a lotería non tardaron máis de dez anos en arruinarse ou en volver estar como estaban antes? En cambio, a Boa Sorte é posible sempre que lle poñas empeño. Por iso se chama Boa Sorte, porque é a boa, a de verdade.

—Por que é a de verdade? Cal é a diferenza?

—insistiu David. Empezaba a sentirse moi intrigado polas palabras do seu amigo.

—Queres oí-lo conto?

David dubidou uns instantes. Ó fin e ó cabo, aínda que non podía volver atrás, non perdía nada por escoitar. Ademais, resultaba agradable que o seu mellor amigo da infancia lle contase, con sesenta e catro anos, un conto. E non só iso, había demasiado tempo que ninguén lle contaba nada, coma se fose un neno.

—Está ben, cóntamo —accedeu por fin.



PRIMEIRA REGRA DA BOA SORTE

A sorte non dura demasiado tempo,
porque non depende de ti.

A Boa Sorte créaa un mesmo,
por iso dura sempre.

SEGUNDA PARTE:

A Lenda do Trevo Máxico

I

O desafío de Merlín

HAI UNHA CHEA DE TEMPO, nun reino de moi lonxe, un mago chamado Merlín reuniu a tódolos cabaleiros do lugar nos xardíns do castelo real e díxolles:

—Hai tempo que moitos de vós me pedides un desafío. Algúns queriades que organizase un torneo entre tódolos cabaleiros do reino. Outros pedistes que organizase un concurso de destreza coa lanza e maila espada. De tódolos xeitos, vouvos propor un desafío diferente.

A expectación entre os cabaleiros era máxima. Merlín continuou:

—Souben que no noso reino, nun prazo de sete noites, nacerá o *Trevo Máxico*.

Entón armouse un rebumbio, exclamacións e murmurios entre os presentes. Algúns xa sabían de que ía o conto; outros non. Finalmente, Merlín puxo orde.

—Calma, calma! Deixádeme que vos explique o que é o *Trevo Máxico*: é un trevo de catro follas único, que proporciona a quen o ten un poder único: *a sorte sen límites*. Sen límite de tempo nin de ámbito.

Proporciona sorte no combate, sorte no comercio, sorte no amor, sorte nas riquezas... sorte ilimitada!

Os cabaleiros falaban e falaban entre eles con grande excitación. Todos querían atopalo *Trevo Máxico de catro follas*. Incluso algúns se puxeron de pé, lanzaron gritos de vitoria e invocaron os deuses.

De novo, Merlín aplacou os murmurios e tomou a palabra:

—Silencio! Aínda non volo dixen todo. O *Trevo Máxico de catro follas* nacerá no Bosque Encantado, máis alá dos doce outeiros, detrás do Val do Esquecemento. Non sei en que recuncho será, só que nacerá nalgún lugar do bosque.

Aquela excitación inicial derrubouse. Primeiro fíxose o silencio e, a continuación, os suspiros de desánimo resoaron polos xardíns do castelo. A cousa era que o Bosque Encantado era outro tanto de grande como a parte do reino que estaba habitada. Tratábase de miles e miles de hectáreas de bosque mesto. Como se ía atopar un minúsculo trevo de catro follas nun sitio tan grande?

Sería cen mil veces mellor buscar unha agulla nunha palleira! Polo menos, ese sería un reto posible.

Ante a dificultade da empresa, a maioría dos cabaleiros abandonaron o castelo real, roñando, protestando e mirando a Merlín con desaprobación ó pasar ó seu carón.

—Avísame cando teñas algún desafío que se poida alcanzar —diciálle un.

—Se soubese que se trataba de algo así, non me molestaría en vir —engadía outro.

—Vaia desafío! Por que non nos mandaches a un deserto para atopar un gran de area azul? Sería ben máis fácil! —espetáballo outro con retranca.

Un tras outro, tódolos cabaleiros saíron do xardín, dirixíronse ás cortes e montaron nos seus cabalos. Só dous quedaron con Merlín.

—E logo? —preguntou entón o mago—. Vós non marchades?


Un deles, que se chamaba Nott e levaba unha capa negra, respondeu:

—Sen dúbida é difícil. O Bosque Encantado é grandísimo. Pero sei a quen lle preguntar. Creo que poderei atopalo trevo que dis. Eu irei busca-lo *Trevo Máxico de catro follas*. O trevo será para min.

O outro, que se chamaba Sid e levaba unha capa branca, estivo calado ata que Merlín lle botou unha ollada escrutadora. Daquela dixo:

—Se ti dis que o *Trevo Máxico de catro follas*, o trevo da sorte ilimitada, vai nacer no bosque, significa que así será. Creo na túa palabra. Por iso irei ó bosque.

E foi así como os dous cabaleiros partiron cara ó Bosque Encantado. Nott, no seu cabalo negro. Sid, no seu cabalo branco.



SEGUNDA REGRA DA BOA SORTE

Moitos son os que queren ter
Boa Sorte, pero poucos os que deciden
ila buscar.

II

O Gnomo, Príncipe da Terra

A VIAXE POLO REINO ata o Bosque Encantado era longa, e levoulles dous días. Así pois, dispuñan só de cinco xornadas para encontra-lo lugar onde nacería o *Trevo Máxico*. Non había tempo que perder. A pesar disto, ámbolos dous cabaleiros decidiron descansar toda a noite antes de empeza-la busca.

Os dous fixeran a viaxe por separado e non coincidiron nas breves paradas que fixeron para darlles de beber ós seus respectivos cabalos. Así que ningún sabía en que lugar do bosque se encontraba o outro.

O Bosque Encantado era un lugar moi escuro. Escuro durante o día, pois as inmensas e mestas árbores apenas lles permitían ós raios de sol alcanza-lo chan. E escura foi esa noite, fría e silenciosa, ademais. Aínda que os habitantes do Bosque



Encantado xa se decatara da presenza dos novos visitantes.

Á mañá seguinte, moi cedo, Nott, decidido a encontra-lo trevo, pensou:

«O *Trevo Máxico* nacerá na terra. Quen é o que mellor coñece cada palmo de terra do Bosque Encantado? Moi fácil: O Príncipe da Terra. É dicir, o Gnomo. O Gnomo vive debaixo da terra e construíu carreiriños subterráneos por cada un dos recunchos do Bosque Encantado. El hame dicir onde nacerá o *Trevo Máxico de catro follas*!»

Así pois, Nott, o cabaleiro con cabalo negro e negra capa, preguntoulles a tódolos estraños seres que atopou polo seu camiño, onde podía encontra-lo Gnomo ata que finalmente deu con el.

—Que queres? —preguntoulle o Gnomo—. Dixéronme que levas todo o día buscándome.

—Efectivamente —afirmou Nott mentres baixaba do seu corcel—. Souben que dentro de cinco noites nacerá no bosque o *Trevo Máxico de catro follas*. Un trevo só pode nacer da terra, así que ti, Príncipe da Terra, debes sabe-lo lugar onde nacerá. Ti e-lo único

que coñece palmo a palmo este inmenso bosque por debaixo da terra. Ti coñeces coma ninguén tódalas raíces de tódalas plantas, arbustos e árbores que habitan este bosque. Se o *Trevo Máxico de catro follas* vai nacer dentro de cinco noites, ti habías ver xa as súas raíces. Dime onde está.

—Hummmmm —meditou o Gnomo.

—Sabes tan ben coma min —proseguiu Nott— que o *Trevo Máxico* proporcionalles sorte ilimitada só ós cabaleiros, así que non ten ningún valor para ti, que es un Gnomo, nin para ningún dos habitantes do Bosque Encantado. Dime onde vai nacer. Sei que ti o sabes.

O Gnomo respondeu:

—Xa coñezo os poderes do *Trevo Máxico de catro follas*. E xa sei que a súa sorte ilimitada alcanza só ós cabaleiros que o posúan..., pero non vin as súas raíces en ningún lugar do bosque. É máis, nunca naceron trevos no Bosque Encantado. É *imposible* que o trevo naza aquí. Quen che dixese iso enganoute.

—Non serás ti quen me engana? Non lle dirías xa ó cabaleiro Sid, o cabaleiro con branco cabalo e capa branca, onde vai nace-lo *Trevo Máxico*? —preguntou desafiante Nott.

—Non sei de que me estás a falar! Non sei quen é Sid, e non teño idea de quen che dixo semellante parvada. Neste bosque nunca houbo un só trevo, nin


tan sequera de tres follas: sinxelamente, os trevos non medran neste bosque porque non poden! Así que déixame en paz. Levo máis de cento cincuenta anos vivindo aquí e nunca ninguén me fixera unha pregunta tan parva. Adeus!

O cabaleiro Nott deixouno por imposible.

«Non é a primeira vez que me encontro con alguén que non está á altura que eu merezo», pensou. Así que subiu ó seu cabalo, deu media volta e optou por esperar ó día seguinte. Despois de todo, talvez o Gnomo tivese razón e Merlín se equivocase de sitio e mais de data.

Mentres que se afastaba do Gnomo, montado sobre o seu cabalo negro, Nott experimentou o que adoita experimenta-la xente á que «lle din» que a súa sorte non é posible: sentiu algo de medo. Pero o máis fácil era substituír ese medo por incredulidade. «Sinxelamente, non pode ser». Iso foi xustamente o que pensou Nott. Por iso, decidiu ignora-lo que o Gnomo lle dixerá.

«Mañá será outro día e quizais a sorte agarde por min noutro lugar», pensou.



Polo súa parte, Sid, o cabaleiro da capa branca, tivo na mañá do terceiro día exactamente a mesma idea ca Nott. El tamén sabía que o Gnomo era o máis indicado para pescudar en que lugar agromaría o *Trevo Máxico*. Pasou o día intentando dar coa súa guarida, preguntoulle a tódolos habitantes do bosque cos que se cruzou no camiño e, finalmente, encontrou o Gnomo uns poucos minutos despois de que o cabaleiro Nott o deixase roñando fronte a unha das entradas da súa caverna de infinitos carreiriños.

—Es ti o Gnomo do Bosque Encantado, ó que lle chaman o Príncipe da Terra? —preguntoulle, ó tempo que descendía do seu cabalo.

—Si, son, son. Vaia! Outro iluminado! E ti que é o que queres?

—Verás, souben que dentro de cinco noites nacerá no bosque o *Trevo Máxico de catro follas* e pensei que... —Sid non puido acaba-la frase. O Gnomo púxose rubio coma un pemento e acumulou aire nos seus pulmóns e faceiras coma se fose estourar.

—Pero que pasa con ese condenado *Trevo Máxico* hoxe?! —berrou, colérico—. Xa llo dixen ó outro

cabaleiro: Non-hai-nin-houbo-nunca-trevos-da-sorteneste-bosque: sinxelamente non poden nacer trevos aquí. O que vos dixese iso está equivocado. Ou vos toma o pelo ou bebeu máis poción etílica da conta. O mellor que podedes facer e regresar ó voso castelo ou acudir en socorro dalgunha dama en perigo. Aquí perdéde-lo tempo.

O cabaleiro Sid deuse entón de conta de que pasaba algo: segundo Merlín, no bosque nacería un *Trevo Máxico* e segundo o Gnomo, era imposible que nas circunstancias actuais nacesse alí ningún trevo. Probablemente os dous dicían a verdade, pero era posible que a verdade de cada un deles fose distinta. Así pois, quizais seguir buscando o *Trevo Máxico* era unha perda de tempo. Se, tal e como lle dixera o Gnomo, naquelas circunstancias non podía nacer ningún trevo, tratábase entón de *saber* que era o que *facía falta* para que nacesse un trevo. Así que Sid pensou que o mellor sería calmar ó Gnomo e facerlle un par de preguntas:

—Espera, espera! Dixeches que nunca naceran trevos ... no Bosque Encantado!?

—Nunca! Nunca na vida! —respondeu rosmando o Gnomo, mentres se metía na súa casa-tobeira...

—Non te vaías, non te vaías, por favor! Explicame por que. Quero saber por que nunca naceu ningún trevo no bosque.

O Gnomo deu media volta para lle explicar:

—É pola terra. Naturalmente que é pola terra. *Ningúen se ocupou de renovar* nunca esta terra. Os trevos precisan terra fresca e branda, e a terra deste bosque nunca foi removida nin aireada. É unha terra dura, amazocada. Como queres que así naza un só trevo?

—Polo tanto, Gnomo, Príncipe da Terra, se quixese ter unha soa posibilidade, aínda que nada máis fose unha, de que medrase un único trevo no bosque... debería *renova-la terra, cambiala*? —preguntoulle Sid.

—Obviamente. *Non sabes que só se obteñen cousas novas cando se fan cousas novas*? Se a terra non cambia, seguirá pasando o mesmo: que non nacerá ningún trevo.

—E ti sabes onde podería atopar unha pouca terra *fértil*?

O Gnomo estaba xa con medio corpo dentro da tobeira e cunha man a punto de pecha-la portiña de madeira. Así e todo, contestoulle a Sid:

—Hai algo de terra fresca e fértil no territorio das Cows, a pouca distancia de aquí. É unha terra rica, pois as Cows, as vacas ananas, amontoan alí o seu esterco. Esa si que é unha terra boa.

O cabaleiro deulle as grazas efusivamente ó Gnomo. Montou entusiasmado no seu cabalo branco e cabalgou sen perde-lo tempo cara ó territorio das

Cowls. Sabía que tiña moi poucas posibilidades, pero polo menos *xa tiña algo*.

Chegou ó territorio das Cowls cando xa case era noite. Foille moi fácil atopa-la terra da que falaba o Gnomo. Era realmente terra fresca, branda e, por suposto, moi ben esterçada. Só puido encher un par de alforxas, os únicos recipientes que levaba no seu cabalo. Pero era suficiente para unha pequena extensión de terreo.

A continuación, o cabaleiro Sid dirixiuse coas alforxas de terra *nova* a un sitio tranquilo do bosque, lonxe de calquera aldea. Atopou un sitio que lle pareceu axeitado e arrancou as herbas e limpou a matoqueira toda que alí había. Despois removeu e quitou a terra vella, a que nunca fora *renovada*, a de sempre. E por fin estendeu a terra *nova* no chan.

Ó que acabou botouse a durmir. Só tiña terra para uns poucos palmos cadrados. Sería aquel o lugar escollido para que agromase o *Trevo Máxico*? Se había que ser realista, sería moi improbable ter tanta *sorte*. Uns poucos palmos entre miles de hectáreas era algo así como unha posibilidade entre millóns. Con todo, unha cousa era certa: *fixera algo distinto* ó que se fixera no bosque ata o momento. Se non houbera nunca ningún trevo, se ninguén os encontrara nunca, era porque os que o intentaran fixeran as mesmas cousas de sempre, as que todos facían. Como bo cabaleiro,

sabía que *facer cousas diferentes* era o primeiro paso para lograr algo diferente.

Aínda así, sabía que tiña moi poucas probabilidades de que o *Trevo Máxico de catro follas* agromase precisamente no sitio que escollera para pó-la pouca terra fértil de que dispuña. Pero, polo menos, xa sabía por que non había trevos. E ó día seguinte sabería máis. Diso estaba seguro.

Sid, deitado e coa cabeza apoiada no chan, miraba a terra que acababa de estender. Pensou que o Gnomo dicía a súa verdade. Pensou tamén que Merlín dicía a súa. Eran dúas verdades *aparentemente* contraditorias. Pero se se actuaba como el fixera, achegándolle terra nova á terra de sempre, esa *aparente* contradición esvaecía-se.

«Que no pasado non houbera trevos non significaba necesariamente que no futuro non os poida haber, agora que as condicións da terra son distintas», pensou.

Adormeceu imaxinando que o trevo agromaba na terra *nova* que espaxara. *Soñar* así axudáballe a esquecer-las poucas probabilidades que había de que aquel recuncho fose o elixido polo destino para aco-lle-lo *Trevo Máxico*.

Púxose o sol. Só quedaban catro noites.



TERCEIRA REGRA DA BOA SORTE

Se agora non tes boa sorte quizais sexa porque as circunstancias son as de sempre.

Para que chegue a Boa Sorte, é conveniente crear novas circunstancias.

III

A Dama do Lago

O CUARTO DÍA amañeceu máis frío ca de costume.

O canto dos picacardos, dos paporrubios, das merlas e dos reiseñores apagou por fin o dos grilos.



Nott montou no seu cabalo despois de comer unhas poucas uvas de loureiro. Non as tiña todas consigo. A información que lle dera o Gnomo era verdadeiramente preocupante. Ó pé da letra: «*No bosque non poden nacer trevos*». Aínda máis, nunca nacera un

só trevo en todo o Bosque Encantado. E o Gnomo sabía o que dicía.

De tódolos xeitos, quizais o Gnomo o enganaba. Sabía que non se podía fiar de que lle dixese a verdade. Pensar así non o levaba a ningures, pero tranquilizábao. Decidiu dedica-lo día a atopar a alguén que lle puidese desmenti-la información que lle dera o Gnomo. Iso volvería a pó-la sorte nas súas mans.

Despois de andar a cabalo durante máis de cinco horas, o cabaleiro Nott divisou ó lonxe, entre a espesura do bosque, un gran lago. Como tiña sede e imaxinaba que o seu cabalo tamén estaría sedento, decidiu achegarse.

O lago era moi fermoso. Estaba cheo de nenúfares con flores amarelas e brancas. Bebeu un pouco e sentouse á beira, mentres o seu cabalo bebía ansiosamente. De súpeto unha voz detrás del sobresaltouno:

—Quen es? —Era unha voz feminina; doce pero á vez profunda; fráxil, pero firme, sedutora pero desafiante. Era a Dama do Lago.

Sobresaía entre as augas do lago dun xeito impresionante, unha muller de fermosura e perfección nunca vistas, moldeada coa forma da auga.

Nott tiña oído falar dela. Ó momento decatouse de que dela podía obter información importante para a súa crucial misión.

—Son Nott, o cabaleiro da negra capa.

—Que facedes ti e mailo teu negro cabalo onda o meu lago? Xa bebestes. Agora, que queredes? Ides esperta-los meus nenúfares. Esta é a súa hora de durmir. Os meus nenúfares dormen polo día e cantan pola noite. Se os espertades esta noite non van cantar. O seu canto evapora a auga do lago durante a noite. Se os nenúfares non cantan, a auga do lago non se evapora; se non se evapora a auga o lago desbórdase, e se o lago se desborda, moitas flores, plantas e árbores morrerán afogadas. Cala, cala e desaparece! Non espertes os meus nenúfares!

—Alto, alto! —interrompeu con vehemencia—. Non me conte-la túa vida. Non me interesan os teus problemas. Marcharei deseguida. Só quero facerche unha pregunta. Ti, Dama do Lago, ti que lle proporcionas auga a todo o Bosque Encantado, ti que regas tódolos seus recunchos. Dime: onde medran os trevos neste bosque?

A dama comezou a rir. Eran gargalladas tristemente burlonas. Ría con estrondosa discreción, unha risa aguda, pero tamén con matices graves. Cando acabou de rir, púxose seria e afirmou:

—Neste bosque non poden medrar trevos! Non ves que a auga que reparto dende aquí chega a todas as partes por infiltración? Non sae de min a través de regueiros ou de ríos, senón que se filtra polo leito do lago e chega a tódolos recunchos do Bosque

Encantado? Acaso tes visto ti charcos nalgún sitio do bosque? Os trevos necesitan moita auga. Precisan un regueiro que llela proporcione continuamente. Xamais atoparás un trevo neste bosque.


A Dama do Lago mergullouse de novo. Foi impresionante. O vapor de auga que lle daba forma caeu á superficie nunha chuvía de miles de gotas.

Nott apenas lle prestaba atención ó marabilloso espectáculo que acababa de ocorrer. Estaba farto de oí-la mesma cantilena. Moi serio e pensativo preguntouse que estaba a pasar. Empezaba a crer que quizais *a el nunca lle chegaría a sorte*. Iso provocáballe un medo máis intenso có que sentiu o día anterior, despois de falar co Gnomo.

«Debo encontrar a alguén que me diga o contrario. Debo encontrar a alguén que me diga que a sorte esta aquí, que o *Trevo Máxico* pode nacer no Bosque Encantado», dicía para os seus adentros.

Empezou a odia-la *sorte*. Era algo abominable. O máis desexado e tamén o máis inaccesible do mundo. E non podía soportar ese sentimento. Ter que *espera-la sorte* deprimíao, pero era o único que podía facer. Porque... que alternativa tiña?

Así pois, Nott montou no seu cabalo, cabalgou o resto do día e vagou sen ton nin son polo Bosque Encantado, coa esperanza de te-la *sorte* de dar co *Trevo Máxico de catro follas*.



Ese día, o cabaleiro Sid erguérase un pouco máis tarde có día anterior. Acabara de renova-la terra cando anoitecía, así que decidiu durmir unha hora máis.

Mentres comía unhas mazás, que compartiu co seu cabalo branco, pensou no que faría ese día.

«Xa teño a terra —dixo—. Agora necesito saber canta auga precisa. Sei que a probabilidade de que escollese o sitio correcto é mínima. Pero se finalmente este fose o sitio *elixido*... entón terei que me ocupar de que a terra reciba a cantidade de auga necesaria.

Non o dubidou un instante. Era ben sabido por calquera, cabaleiro ou non, que a Dama do Lago era, de tódolos habitantes do Bosque Encantado, a única que dispuña de auga.

Custoulle un pouco encontrala. Tivo que preguntar aquí e acolá e consultar con varios animais laretas que encontrou polo camiño.

Chegou ó lago xusto uns minutos despois de que Nott marchara. Foise achegando moi, moi amodo. Sen case facer ruído, aínda que sen querer pisou unha casca dunha noz, que estalou. Inmediatamente emer-

xeu de forma imponente a Dama do Lago, que lle repetiu a mesma queixa ca a Nott:

—Que facedes ti e mailo teu branco cabalo onda o meu lago? Que queredes? Estadades espertando os meus nenúfares. Esta é a súa hora de durmir. Os meus nenúfares dormen polo día e cantan pola noite. Se os espertades, esta noite non cantarán. O seu canto evapora a auga do lago durante a noite; se non cantan, a auga do lago non se evapora; se non se evapora a auga do lago, vaise desbordar, e se se desborda, moitas flores, plantas e árbores morrerán afogadas. Cala, cala e desaparece! Non espérte-los meus nenúfares!

Sid quedou abraiado. Non só pola magnificencia do espectáculo que acababa de ver, senón tamén polo problema que lle expuxera a Dama do Lago. Sid necesitaba auga para regala zona escollida, pero sen dúbida espertaría os nenúfares se dedicaba todo o día a recollela a cazos.

Así pois, as cousas púñanse difíciles. Non había auga en ningún outro sitio do Bosque Encantado. En fin, que podía facer? Sid era unha persoa sensible, e aquela combinación de beleza, tristeza e ansiedade da voz da Dama do Lago fixo que se interesase polo problema e que buscasse o xeito de lle axudar.

—E dicídeme, señora, por que a auga non sae do lago? De tódolos lagos nace auga, de tódolos lagos nacen regueiros ou ríos.

—Verás, cabaleiro... —por primeira vez, a Dama do Lago expresábase cunha voz sen matices, unha voz triste. Había dor nela—. As miñas augas non teñen continuidade. De min non parten ríos, a auga cae e non sae. Só a recibo, e ningún regueiro brota do meu seo. E por esta razón teño que vivir sempre pendente de que os nenúfares durman de día para que poidan cantar de noite. Durante o día non durmo para poder vela-lo seu sono, e durante a noite os seus cantos non me deixan durmir. Son escrava da miña auga. Por favor, vaite e non espérte-los meus nenúfares.

Sid decatouse de que se algunha cousa abundaba alí era, precisamente, a cousa que el máis precisaba: auga.

—Eu pódo vos axudar —dixo, convencido, Sid—.

Pero permitídemme antes que vos faga unha pregunta: sabedes canta auga precisa un trevo?

A Dama do Lago contestou:

—Necesita moita auga. Auga clara, dun regueiro. A terra en que nacen os trevos ten que estar sempre húmida.

—Daquela... Daquela... eu podo axudavos a vós e vós poderedes axudarme a min!

—Ssshhh! Non berres tanto. Mira, xa espertaches un nenúfar. Dime, que vas facer?

—Se mo permitides, abrirei un rego para facer que un regueiro naza de vós, e lograrei así que a auga

non se acumule no voso seo. Non vou facer ningún ruído. Simplemente abrirei un rego na terra e a auga saíra do lago. Desta maneira, non teredes que preocuparvos máis polos nenúfares. Poderedes durmir sempre que o desexedes.

Durante uns instantes a Dama do Lago quedou pensativa. Por fin, respondeu:

—Paréceme ben. Pero, por favor, non fagas ruído —e de inmediato a Dama do Lago desapareceu, ante o asombro de Sid.

O cabaleiro comezou deseguida. Improvisou coa súa espada un arado que colgou da parte traseira do seu cabalo. Cabalgou de novo cara ó anaco de terra escollido. A medida que cabalgaba, a espada labraba un rego na terra que a auga enchía, liberando o lago da súa pesada carga. Finalmente, chegou á terra fresca e fértil. Sid conseguírao: abrira a terra e creara un regueiro de auga clara que nunca antes existira no Bosque Encantado.

Canso, botouse a durmir a carón do espazo que creara. Durante uns instantes reflexionou sobre todo o que pasara e lembrou o que sempre lle dicía o seu mestre: «a vida devólveche o que lle dás. Os problemas dos outros son a miúdo a metade das túas solucións. Comparte e sempre sairás ganando».

Xusto o que pasara: estaba disposto a renunciar á auga, pero cando empezou a entende-lo problema da dama, paradoxalmente, decatouse de que tanto ela

coma el precisaban o mesmo, e de que *cunha soa acción, os dous ganaban*.

O máis curioso de todo era que a Sid lle preocupaba cada vez menos se aquel era o lugar onde ía nace-lo *Trevo Máxico*. Talvez debería sentirse un pouco estúpido por traballar tanto nun lugar en que *probablemente* o trevo non ía nacer. Pero non se sentía así. A certeza de que facía o que debía axudáballe a comprender que xa non era tan importante que tivese *sorte* ou non ó escolle-lo lugar acertado. Por que? Non o sabía. Quizais porque o que tocaba, despois de prepara-la terra e estercala, era regar. Simplemente, facía o que tiña que facer.

Non fai falta dicir que el sabía que era moi pouco probable que aquel fose precisamente o lugar elixido para que alí agromase o *Trevo Máxico de catro follas*. Pero xa sabía *dúas razóns* polas que nunca naceran trevos no bosque. E ó día seguinte sabería máis. Diso estaba seguro.

Sid, coa cabeza apoiada no chan, pois intentaba durmir, miraba con esperanza o seu anaco de terra fértil regada polo regueiriño. Unha noite máis, visualizou como o *Trevo Máxico* agromaba e medraba. Aquela noite, a imaxe do trevo na súa mente aparecía máis nítida e real cá noite anterior. Iso facíao feliz.

Xa era ben de noite cando adormeceu. Tan só faltaban tres noites.



CUARTA REGRA DA BOA SORTE

Prepara-las circunstancias para a Boa Sorte non significa buscar só o propio beneficio.

Crear circunstancias para que outros tamén ganen atrae a Boa Sorte.

IV

A Sequoia, Raíña das Árbores



Á MAÑA SEGUINTE, Nott, o cabaleiro da negra capa, ergueuse bastante desanimado. Se lle facía caso á información do Gnomo e da Dama do Lago, estaba, como se di, perdendo o tempo. Non serían en van os seus afáns? O cabaleiro Nott pensaba seriamente en volver. Pero a viaxe ata o Bosque Encantado fora longa e, xa que estaba alí, talvez pagase a pena quedar ata o sétimo día. Quizais finalmente encontraría a alguén que lle dixese onde atopa-lo *Trevo Máxico de catro follas*.

Nott non sabía qué facer nin con quen podía falar naquel momento. Vagou polo bosque montando no seu cabalo sen saber a onde ir. Encontrou toda clase de seres estraños, pero non deu con ningún trevo. E iso que, mentres cabalgaba, miraba continua-

mente para o chan, buscando algunha pista que puidese indicarlle onde podía nacer.

De súpeto, caeu na conta de que non fora falar coa Sequoia, o primeiro habitante do Bosque Encantado. Seguro que ela había saber algo.

Cabalgou ata o corazón do bosque. Segundo contaban, a Sequoia era a primeira árbore que habitou o Bosque Encantado, por iso estaba xusto no medio. Ó vela, o cabaleiro Nott baixou do cabalo e achegóuselle. Sabía que no Bosque Encantado tódolos seres vivos, incluso moitos dos seres inanimados, podían falar. Así que se dirixiu á Sequoia e díxolle:

—Sequoia, Raíña das Árbores, podes falar?

Non obtivo resposta. O cabaleiro insistiu.

—Sequoia, Raíña das Árbores, diríxome a ti. Fai o favor de me contestar. Sabes quen son? Son o cabaleiro Nott.

A Sequoia comezou a move-lo seu impresionante tronco e respondeu:

—Xa sei quen es. Coñezo tódalas árbores deste bosque. A través das nosas follas nós estamos en permanente contacto, de xeito que a información pasa con rapidez dunhas a outras. Pregunta o que queiras, cabaleiro, pero despois marcha. Estou cansa, teño máis de mil anos e falar fatígame.

—Serei breve —responden Nott—. Souben que é posible que de aquí a tres noites naza no Bosque

Encantado o *Trevo Máxico de catro follas*, o Trevo da sorte ilimitada. Pero tanto o Gnomo coma a Dama do Lago dixéronme que xamais medrara un trevo no Bosque Encantado. Ti vives no bosque dende que existe e sabe-lo que pasa porque falas e falaches con tódalas árbores. A miña pregunta é moi sinxela: é certo que nunca medrou un trevo neste bosque?

A Sequoia tomou un pouco de tempo antes de contestar. Facíalle falta revisa-la memoria de mil anos, buscar en cada un dos mil aneis que formaban o seu tronco. Pero os minutos pasaban e o cabaleiro Nott impacientouse:

—Que fas! Non ves que teño présa? —protestou.


—Estou pensando. Estou lembrando. Es impaciente coma a maioría dos humanos. Habiades ser coma as árbores que temos moita paciencia.

Aínda pasaron uns cantos minutos máis, e o cabaleiro Nott, moi inquieto, deu media volta, convencido de que a Sequoia non quería contestar. Pero cando pousaba o pé no estribo ela arrincouse a falar. E fíxoo con seguridade, con parsimonia, coma se se tratase dunha bibliotecaria que revisara os miles de fichas dos libros da súa biblioteca e, por fin, atopase o que buscaba.

—É certo. Nunca naceu un trevo no Bosque Encantado. E menos aínda un *Trevo Máxico de catro follas*. Nunca nestes mil anos. Nunca.

O cabaleiro Nott estaba desconsolado. Probablemente, Merlín recibira a información errónea. Ou aínda peor: pasoulle pola cabeza a idea de que quizais o enganara.

Nott sentiuse verdadeiramente deprimido. Era o terceiro habitante do bosque que lle dicía que *non habería* sorte para el. Estaba tan obsesionado con tal realidade que non podía ver máis alá. Realmente, escoitar a outros dici-lo que un xa sabía non conducía máis ca a reafirmarse na propia evidencia. Calquera persoa que, coma Nott, estea obsesionada por *saber* se hai ou non *trevos* no bosque non será capaz de pensar máis alá diso. Non tomará conciencia de que compre *facer* algo ó respecto. Por iso, Nott estaba tan abatido, sentíase vítima, sentíase utilizado, enganado. Na situación na que se atopaba, non era capaz de ver ningunha posibilidade de triunfar.



O cabaleiro Sid ergueuse aquela mañá máis satisfeito cá anterior. Observou con alegría todo o que levaba feito: terra fértil e auga abundante. Se o sitio no que debía nace-lo *Trevo Máxico* era aquel, entón necesitaba sabe-la cantidade de sol e de sombra que ía precisar.

Sid era un cabaleiro e non un entendido en xardinería, así que lle cumpría falar con alguén que soubera de árbores e plantas. Pero con quen? De súpeto ocorréuselle:

—Claro! Por que non! A Sequoia! É a árbore máis sabia do bosque. *Ela* ten que saber canto sol precisa un trevo!

Sid cabalgou ata o corazón do Bosque Encantado. Baixou do seu corcel e dirixiuse á árbore, como pouco antes fixera Nott.

—Distinguida Sequoia, Raíña das Árbore. Queres Falar?

Non houbo resposta. O cabaleiro Sid insistiu.

—Respectada e venerada Sequoia, Raíña das Árbore, se non estás demasiado fatigada, queríache facer unha pregunta. Aínda que, se o prefires, podo volver noutro momento.

O certo é que a Sequoia decidira non lle contestar a ningún daqueles arrogantes cabaleiros que lle facían preguntas con impaciencia, pero deuse de conta decontado que Sid non era un impaciente, nin un cabaleiro arrogante. Pola amabilidade das súas palabras e polo seu respectuoso xesto de inclinación da cabeza, co xeonllo apoiado no chan, deduciu que era diferente. Cando Sid estaba a punto de marchar, a Sequoia chamou por el.

—Certamente estou fatigada. Pero, dime, que queres saber?

—Graciñas por contestarme, Raíña das Árbores. A miña pregunta é moi sinxela: canto sol necesita un trevo para medrar, contando con que teña boa terra e auga suficiente?

—Hummmmm —meditou a Sequoia. Pero esta vez levoulle moito menos tempo contestar porque sabía de sobra a resposta—. Necesita igual cantidade de sol ca de sombra. Pero por aquí non vas atopar ningún sitio así. Como podes ver ó teu arredor, dá a sombra en todo o bosque. Por iso nunca naceu aquí un trevo. Esa é a resposta á túa pregunta. Deica logo, cabaleiro.

Pero o cabaleiro Sid non se desanimaba facilmente.

—Espera, espera! Só unha pregunta máis, prégocho. Ti que e-la Raíña das Árbores, déixasme podarlle

unhas cantas pólas a algunha das túas súbditas? Podo contar co teu permiso?

A Sequoia contestou:

—Non che fai falla o meu permiso. Só tes que quita-las pólas vellas e as follas secas. Neste bosque nunca ninguén se dedicou a deixar libres as copas das árbores. Nunca veu ninguén poda-las nosas pólas. Por iso hai tan pouca luz no bosque, os seus habitantes sonche moi lacazáns. Son deses que sempre deixan as súas obrigas para mañá. Se lle dedicas un pouco do teu tempo, terás sol e sombra a partes iguais ó pé de calquera árbore. Chega con que lle quíte-las pólas e as follas secas. Para isto non precisa-lo meu permiso. Calquera árbore á que lle fagas isto estará moi leda.

—Poda-las ramas secas, librar-se do que non vale para nada é sempre un pulo renovado para a vida da árbore e de todo o que a arrodea —engadiu, esta vez coa voz cálida e amable, a Sequoia.

—Graciñas, graciñas de verdade, Maxestade! —contestoulle Sid.

Incorporouse e, sen virarlle as costas, sempre de cara á Sequoia, retrocedeu ata o seu cabalo.

O cabaleiro da capa branca cabalgou raudo e veloz ata o sitio onde renovara a terra e fixera chega-la auga. Cando chegou xa era tarde dabondo. E se deixaba a poda das ramas para o día seguinte? De feito, xa o tiña

todo case amañado: terra renovada, auga e cantidade xusta de sol.

Agora podía descansar, e dedicarlle o último día á poda das árbores. Pero de súpeto lembrouse do que lle dixeran a Sequoia: «Non o deixes para mañá». Sid acordouse tamén dun dos consellos que sempre lle funcionaran: «Actúa e non postergues» Era ben certo que non había máis nada que facer e que tiña todo o día seguinte para poda-las ramas. Pero se o facía naquel momento, disporía dun día máis, e dispor dun día máis podía ser moi útil. Así pois, aproveitou as poucas horas de luz que lle quedaban para poda-las ramas secas.

Fiel ós seus principios, decidiu *actuar e non posterga-la faena* que tiña que levar a cabo.

Entón empezou a subir á copa das árbores que rodeaban a súa pequena parcela de terreo e, unha vez enriba, entregouse con paixón á tarefa de limpa-las de ramas secas.

As árbores eran moi altas e tivo que apoliñar por elas arriba unha por unha, coa axuda dunha corda que tiña nas alforxas. Podou ramas secas a golpe de espada, sen mancar para nada o tronco e as outras ramas. Dedicoulle boa parte da noite a esta tarefa, como se o único que lle importase naquel momento, no seu «aquí e agora», fose limpa-las copas das árbores. O resultado final foi excelente.

Estaba moi contento. Curiosamente, xa non lle preocupaba que o sitio que escollera para renovar a terra, canaliza-la auga e limpa-las ramas fose ou non o elixido para que nacesse nel o *Trevo Máxico de catro follas*. Agora xa sabía todo o que precisaba un *trevo* para enraizar, e xa o fixera. A que dedicaría o día seguinte? Habería algo, non necesario en aparencia, pero si imprescindible!

Sentiu que gozaba co que estaba a facer, que se divertía, que se apaixonaba e que todo aquilo tiña un sentido, fose cal fose o resultado final.

Unha noite máis, Sid visualizou o seu *Trevo Máxico*. Esta vez imaxinou placidamente enraizado na terra húmida do pequeno recuncho que *creara*. Imaxinou as súas catro follas, cada unha con esa forma característica de corazón, abertas para recibirla luz do sol que se filtraba entre as pólas das árbores xigantes que o arrodeaban.

Non o daba explicado, pero canto máis sabía de como crea-las condicións para que nacesse un *Trevo Máxico*, menos lle preocupaba se o seu ía ser ou non o sitio *elixido* polo trevo para medrar.

Por fin fíxose noite pecha. Só quedaban dúas noites.



QUINTA REGRA DA BOA SORTE

Se «deixas para mañá» a preparación das circunstancias, quizais a Boa Sorte non chegue nunca.

Crear circunstancias require dar un primeiro paso... Dáo hoxe!



Ston, a Nai das Pedras



NOTT PASOU O SEXTO DÍA vagando apesinado polo Bosque Encantado. En realidade non pensaba que fose encontrar ningún trevo, pero tampouco quería volver só ó castelo real. Postos a face-lo ridículo, prefería facelo en compañía de Sid.

Ademais, custáballe tanto reconece-los seus erros ou fracasos que optaba por responsabilizar deles a outros. «Son vítima dunha equivocación ou dun engano de Merlín», dicía para si.

O sexto día foi o máis aburrido de tódolos que pasou Nott no bosque. A pesar de que cazou bastantes animais raros e atopou con estrañas plantas, non ocorreu nada importante.

O peor era aquela sensación que tanto o deprimía: estaba convencido de que el non tería *sorte* na vida.

Se non fose así, xa tería o *Trevo Máxico*. A non ser, claro está, que Merlín o enganase.

Pero se Merlín o enganara, por que non volver para o castelo? Por que seguir esperando?

Esperar era darlle a razón a Merlín, era confiar aínda na *sorte*; por outra parte, canto máis esperaba, máis grande era o seu temor de que a *sorte* xamais chegaría. Que estaba facendo mal? Por que era tan desgraciado? «Aínda non rematou o prazo. Eu merezo a *sorte*, son especial, pero levo moitos días aquí e nada indica que vaia encontra-lo trevo», quexíabase Nott.

Así transcorreu o día para o cabaleiro do cabalo negro e a negra capa. Como non lle quedaba nada máis que facer, decidiu ir falar con Ston, a Nai das Pedras. Quería confirmar con alguén máis o que xa sabía: que no Bosque Encantado non ía nacer ningún *Trevo Máxico*, que el non era unha persoa con sorte.

Non era estraño que Nott actuase deste xeito, este é un trazo curioso das persoas que pensan que non teñen sorte. Buscan outras persoas que lle confirmen a súa maneira de ve-la vida. A ninguén lle gusta ser vítima, pero selo exime *aparentemente e só aparentemente* de toda a responsabilidade da desventura.

Ston estaba no cume do Penedo dos Penedos. Unha montaña inhóspita toda ela feita de pedra. A escalada foi dura. Dende arriba vía case todo o Bosque Encantado. Pensou que lle gustaría encontrar a Sid,

para falar con el e preguntarlle se desexaba volver xa ó castelo real.

No cume encontrou a Ston, a Nai das Pedras, que falaba con outros pelouros. Ston dirixiuse a el:

—Mira! Un dos cabaleiros que andan buscando trevos. Dende hai catro días non se fala doutra cousa no bosque. Encontráche-lo *Trevo Máxico de catro follas*? —preguntoulle ríndose un pouco del.

—Xa sabes que non —contestou Nott, visiblemente anoxado—. Pero..., dime, Ston, verdade que non hai nin haberá ningún *Trevo Máxico de catro follas* neste bosque? Ou quizais hai algún por aquí neste rochedo? Non é posible, verdade que non?

A Nai das Pedras escachaba coa risa.


—Pois claro que non! Como queres que medren trevos entre as pedras? Nótaseche que empezas a estar tocado despois de tantos días vagando polo Bosque Encantado. Deberías ter conta..., se pasas máis tempo no bosque acabarás tolo, coma case tódolos humanos que se deixaron caer por aquí sen unha meta clara. Non, aquí non hai trevos. Os trevos máxicos de catro follas non poden nacer onde hai pedras.

Nott descendeu pouco e pouco do Penedo dos Penedos, e durante todo o descenso non paraba de senti-las gargalladas de Ston.

Xa non había nada máis que facer. Os seus temores víronse finalmente confirmados. «Non terei boa

sorte», pensou. Despois lembrouse de Sid e animouse pensando amargamente que «aquel outro tolo *tampouco* vai topa-lo Trevo Máxico por moito que pasee polo bosque». Pensar no fracaso de Sid tranquilizábao, consolábao, e incluso o alegraba. «Se non hai trevo máxico para min, tampouco o ha de haber para el», dixo en voz alta, con rabia, e convencido.

Despois montou no seu cabalo e marchou en busca dun lugar para pasa-la noite.



Sid comprobou ó erguerse que o traballo da noite anterior dera bos resultados. Diante del o espectáculo era marabilloso: a brétema levantábase e deixaba que os raios dourados de sol iluminasen a terra nova que puxera o primeiro día. Comprobou tamén que había un equilibrio entre luz e sombra. En realidade sentíase orgulloso, feliz. A terra renovada, auga dabondo, as árbores espoladas...

Era aquel o último día e había que decidir qué sería o mellor que podía facer. Todo o que consideraba necesario xa estaba feito, e sería intelixente descubrir se faltaba algo por facer. Como el adoitaba dicir, o vaso estaba medio cheo. Agora cumpría saber como enchelo de todo, por se se dese o caso de que o lugar que el escollera fose o designado para que alí nacesse o *Trevo Máxico*, como predixera Merlín. Tratábase, como xa pensara na noite anterior, de descubrir se faltaba algunha cousa *aparentemente* innecesaria, pero imprescindible.

Terra, auga, sol... Que máis podía faltar?

Así, o sexto día pasouno preguntándolles a todos os seres que atopaba no bosque, que lle facía falta á

terra, ademais de sombra, sol e auga, para que nacesse un *trevo de catro follas*. Pero ninguén soubo dicirlle que era o que faltaba.

Era xa o mediodía e non sabía a quen máis lle había preguntar. Comezaba a necesitar inspiración, perspectiva. E ocorréuselle ir ó punto máis alto do bosque para comprobar se dende alí vía algo que lle permitise saber se lle faltaba algo máis por facer.

«Perspectiva, distancia, te-lo horizonte á vista sempre che dá ideas útiles e inesperadas», dixo para si.

Tódolos cabaleiros sabían que o punto máis alto do bosque era o Penedo dos Penedos, pero ó chegar alí deuse de conta de que era altísimo. Quedaba só medio día para que rematase o prazo que Merlín lles dera. Tiña sentido subir? Aínda que lle viñese a inspiración, tampouco ía ter demasiado tempo para facer algo.

Aínda así, decidiu subir. Por que? Sinxelamente porque pensou en todo *o que fixera* e no traballo e na dedicación que investira. Partindo do que xa lograra, quizais fose o mellor traballar ata o final para saber se aínda faltaba algo por facer.

Escalou a montaña. Empezou a senti-la suave brisa que chegaba lonxe do nivel do chan, ó se elevar. Finalmente alcanzou o cume. Sentouse e empezou a observa-lo horizonte. Nada.

De súpeto, unha voz sobresaltouno. Viña da... da pedra que pisaban os seus pés! Era Ston, a Nai das Pedras.

—Estasme esmagando!

Sid sobresaltouse tanto que estivo a piques de caer polo penedo abaixo.

—Unha rocha que fala? Só me faltaba isto!

—Non son unha rocha faladora, son Ston, a Nai das Pedras —precisou, visiblemente ofendida—. Supoño que ti debes se-lo outro cabaleiro que está buscando... ha!, ha!, ha!, o *Trevo Máxico*?

—De verdade que e-la Nai das Pedras? Daquela... non entenderás moito de trevos, non si?

—Evidentemente, non entendo moito de trevos, pero algunha cousa si que sei —respondeu. Xa llo dixeran ó outro cabaleiro, ó que vestía de negro: onde haxa pedras, non poden medra-los trevos de catro follas.

—Dixeches de *catro follas*? —preguntou Sid.

—Dixen. De catro follas.

—E logo que pasa cos de *tres follas*? —insistiu.

—Os de tres follas si que medran nunha terra pedregosa. Pero os de catro medran con menos forza e precisan que a terra estea totalmente libre de pedras, xa que estas serían un obstáculo para o seu desenvolvemento.

Aquel pequeno matiz —o que precisaba un trevo de tres follas e o que precisaba un de catro—, que

para moitos sería unha cousa sen importancia, non o foi para Sid. El sabía que na maioría dos casos os elementos clave só se descubren nos pequenos detalles. Era difícil descubrir aquilo que era «aparentemente innecesario, pero imprescindible» en algo que resultaba obvio, mil veces visto.

—Claro! Como non me dera de conta antes?

Graciñas! Marcho, acábaseme o tempo.

Sid baixou do Penedo dos Penedos a toda présa. Tiña que ir coma un lóstrego ata o recuncho que escollera. Non lle quitara as pedras á terra!

Cando chegou aínda lle quedaban un par de horas de luz. Aquel anaco de terra estaba cheo delas e non deixou nin sequera unha. Se por casualidade, o sitio que el escollera fose o lugar onde ía nace-lo *Trevo Máxico*, as pedras serían un obstáculo infranqueable.

Sid decatouse de que era realmente importante valorar e recoñece-lo traballo feito, o que el definía como «a parte chea do vaso», pero non tanto como concentrarse no que podía faltar. Esa idea tíñalle axudado a avanzar. Sid tamén se deu de conta de que nos pequenos detalles é onde se atopa a información clave. Aínda que parece que estaba todo feito e que non faltaba nada, mantendo unha actitude axeitada, estando disposto a saber se faltaba algo por facer, sempre era posible atopa-las pistas que te encarreiren polo bo camiño. De feito, iso era o que pasara.

Que decisión tan boa fora non deixar para o día seguinte a poda das ramas!, de non ser así, nunca sabería que tiña que quita-las pedras...

Canso, adormeceu ó carón do seu fértil recuncho. E unha noite máis imaxinou o fermoso *Trevo Máxico* con todo o seu esplendor no medio e medio da leiriña que preparara, ben iluminada, regada e sen nin sequera unha pedra. Esa noite foi capaz de imaxinar como o collía nas súas mans, sentindo na pel a suave caricia da súa textura, as preciosas follas, dun verde intenso totalmente despregadas. Chegoulle a parecer que sentía o agradable recendo a clorofila que desprendía o *Trevo Máxico*. Era todo *tan real* que sentiu por vez primeira a *certeza* de que aquel sería o sitio en que ía nacer. Podíao imaxinar, podíao sentir ata o último detalle. Na compañía dun profundo sentimento de alegría serena e paz interior, sentíase na gloria.

De tódolos xeitos, ó día seguinte saberíao de certo, diso estaba seguro.

Anoiteceu. Só lle quedaba unha noite. A véspera do día en que tiña que nacer no Bosque Encantado o *Trevo Máxico de catro follas, o trevo da sorte sen límites*.



SEXTA REGRA DA BOA SORTE

Aínda en circunstancias aparentemente necesarias, a Boa Sorte non chega.

Busca nos pequenos detalles circunstancias aparentemente innecesarias..., pero imprescindibles!

VI

O encontro dos cabaleiros no bosque



A ÚLTIMA NOITE, mentres buscaba un sitio para durmir, Nott notou que o seu cabalo pisaba un anaco de terra, renovada e fresca, húmida, sen ningunha pedra. Mirando cara arriba descubriu un claro entre as copas das árbores. Un pouco máis adiante puido ver a Sid deitado e o seu cabalo atado a unha árbore.

— Sid! — exclamou.

Sid incorporouse. Aínda non fora capaz de durmir.

— Nott!

— Que tal vai a cousa? Encontráche-lo trevo? — preguntoulle.

— Non — respondeu Sid —. Ben, a verdade é que levo tres días sen buscalo. O primeiro día o Gnomo díxome que non atoparía trevos no bosque, así que deixei de buscar...

—Daquela —insistiu Nott—, que demo fas por aquí? Por que non volves ó castelo?

Naquel intre deuse de conta que Sid tiña a roupa toda enlarafuzada de carriza que medraba no tronco das árbores, as botas todas cheas de lama e, en xeral, a súa vestimenta dicía o que traballara nos días que pasara no Bosque Encantado.

—Pero... que che pasou?


—O Gnomo aseguroume que non podían nacer trevos no Bosque Encantado, daquela dediqueime a crear este sitio. Mira para aí! Ten auga fresca e está ben estercado. Ven comigo! Vouche ensina-lo rego de auga que abrín dende o lago onde vive a Dama... E mira para aquí! —exclamou Sid, emocionado e ilusionado por te-la oportunidade de lle ensinar a alguén o que *creara*—, estas son as pólas e as pedras que quitei en dous días, porque non sei se sabes que onde hai pedras...

Nott interrompeuno.

—Pero ti toleaches?! Como se che ocorre porte a facer unha horta... duns cantos palmos... sen te-la máis mínima idea de onde vai nace-lo *Trevo Máxico*? Será posible que non te decates de que este bosque é así como millóns de veces máis grande ca esta hortiña? Pero home! Non ves que non ten sentido ningún poñerse a facer todo este traballo sen saber onde o tes que facer? A ti fáltache unha fervedura! Ben, xa

nos veremos no castelo real. Eu marcho buscar un sitio tranquilo onde pasa-la noite.

Nott desapareceu por entre as árbores. Sid, abraiado polo que lle dixeran, quedou mirando un pouco para el e pensou «Merlín dixo que poderíamos atopalo *Trevo Máxico*, pero NON DIXO que NON fose preciso facer algunha cousa».



SÉTIMA REGRA DA BOA SORTE

Para aqueles que só cren no azar,
crea-las circunstancias resúltalles absurdo.

Ós que se dedican a crear circunstancias,
o azar non lles preocupa nin unha chisca.

VII

A Bruxa e maila Curuxa visitan a Nott

A ÚLTIMA NOITE PUIDO ser moi tranquila..., pero alguén quixo que non fose desta maneira para ningún dos dous cabaleiros...



Mentres Nott durmía —soñaba que saía o sol e volvía ó castelo—, de súpeto un ruído amedrentouno de tal maneira que se ergueu como unha chispa desenvaiñando a súa espada.

—Uuuuuuuuhhhhh! —Era o sinal estridente da curuxa da bruxa Morgana; estaba alí de pé, ó seu carón,

parcialmente iluminada polo lume da fogueira que había un pouco que prendera o cabaleiro para resisti-lo frío.

—Quen es? Que queres? Ten conta que a miña espada esta ben afiada!

—Garda a túa espada. Vin facer un trato contigo, Nott, cabaleiro do cabalo negro e da capa negra.

—Un trato? Que trato queres facer? Non quero tratos con bruxas, e menos contigo, Morgana. Coñezo a túa reputación...

—Estas seguro? Mira que é sobre... *un trevo de catro follas* —dixo con sutileza a bruxa Morgana, mentres fregaba as mans engurradas, ensinaba os dentes negros e mais engurraba o seu afiado nariz, no que pretendía ser un amable sorriso. O cabaleiro Nott enviñou a súa espada, e inclinouse cara adiante.

—Falamos logo. Que sabes?

—Sei onde vai nace-lo *Trevo Máxico de catro follas*.

—Pois veña rápido, dimo! —esixiu impaciente o cabaleiro.

—Direicho se me prometes antes que has cumprila túa parte do trato.

—E cal é esa parte do trato que eu debo cumprir?

—Quero que tan pronto encontres a Merlín... que te desfagas del!

—Pero ti que dis! Por que ía facer unha cousa así?

—Porque te enganou. El sabe onde vai nace-lo *Trevo Máxico*, e eu tamén. O trato é moi claro: eu dígoche onde atopa-lo *Trevo Máxico* e ti desfaste de Merlín. Sorte ilimitada para ti e maila fin dos meus problemas de bruxería para min. Se nos desfacemos de Merlín, ti obterá-lo *Trevo Máxico* e de paso eu elimino o meu rival principal.

Nott sentíase tan frustrado, desenganado e, tiña tantas ganas dun desquite e de paso de atopa-lo *Trevo Máxico* que decidiu acepta-lo trato. Iso non era estraño, cando unha persoa perde a fe en que pode crear Boa Sorte, normalmente o primeiro que fai é comprarlla ó primeiro que lla ofrezca. De feito, quen espera *atopar* sorte pensa que é algo sinxelo e que non precisa esforzo ningún. Iso foi o que lle pasou a Nott.

—Trato feito. Dime onde medrará o *Trevo Máxico*.

—Lembra que me déche-la túa palabra.

Pois ben... agromará nos xardíns do castelo real. Non estivo nin estará nunca neste bosque.

—Como pode ser! —exclamou o cabaleiro, que non daba crido o que estaba oíndo.

—Home claro! Non te das de conta? Merlín conseguiu enganar a tódolos cabaleiros coa súa artimaña: como o reto consistía en vir busca-lo trevo ó Bosque Encantado, tódolos cabaleiros se viron obrigados a vir aquí... a perde-lo tempo. Só viñestes

vó-los dous, pero Merlín pensou que seriades máis. De tódolos xeitos, logrouvos afastar dos xardíns do castelo. *Ninguén* espera atopar alí o *Trevo Máxico*. E mañá el estará alí para arrincalo.

Tes que marchar axiña. Precisaches dous días para chegar ata aquí e non tes máis ca unha noite para volver. Ensela o teu cabalo e cabalga tan rápido como poidas!

Nott estaba verdadeiramente enfurecido. Finalmente, tódalas pezas encaixaban.

«Non me estraña que tódolos habitantes do Bosque Encantado me teñan tratado coma un estúpido que perdía o tempo buscando un *Trevo Máxico* que nunca había de nacer aquí. Todo encaixa...»

Nott enselou o seu cabalo e desapareceu enfurecido e a toda velocidade entre as árbores, camiño do reino habitado, con destino ó castelo.



OITAVA REGRA DA BOA SORTE


Ninguén pode vende-la sorte.

A Boa Sorte non se vende.

Desconfía dos vendedores da sorte.

VIII

A Bruxa e maila Curuxa visitan a Sid



A BRUXA SOLTOU UNHA RUIDOSA e malévola gargallada de paso que se encamiñou cara ó norte, onde sabía que ía atopar a Sid facendo noite. O cabaleiro durmía placidamente. Tanto así que á curuxa levoulle un pouco espertalo.

—Uuuuhhhh! Uuuuhhhh! Uuuuhhhh!

—Quen vai? —preguntou finalmente o cabaleiro. Púxose de pé collendo con firmeza a empuñadura da espada, a punto de desenvaiñala.

—Non temas. Son Morgana, a bruxa. —Sid mantíñase alerta.

—Que é o que queres de min?

A perversa bruxa quería dúas cousas; por unha banda, que Nott se desfixese de Merlín e, pola outra, que Sid marchase de alí. Desta maneira, ela quedaría co *Trevo Máxico* se se daba o caso de que nacesse nalgún lugar do bosque. Morgana pensou outra mentira para Sid:

—O Trevo Máxico nacerá mañá. Pero Merlín mentiuche. Non é un *trevo de sorte ilimitada*... É o trevo da calamidade! Fun eu mesma quen realizou o conxuro: «Quen o arrinque morrerá ós tres días». Pero se ninguén o fai, entón Merlín morrerá tan pronto se faga de noite. É por iso que vos enganou a ti e mais ó outro cabaleiro. Para que algún dos dous morra no seu sitio. Para Merlín é imprescindible que o *trevo* sexa arrincado antes de mañá pola noite. Volve ó castelo. Nott xa vai de camiño.

A bruxa estivera moi astuta: a Sid non lle quedaba outra alternativa. Se ó día seguinte atopaba o *Trevo Máxico* non ía saber que facer. Se o arrincaba, morría. Pero... que pasaba se Merlín era o que levaba razón? E se se trataba do auténtico *Trevo da Boa Sorte*?

O mellor e o máis sinxelo sería facer coma Nott: abandona-lo bosque sen ter que lle facer fronte a ese dilema. Meditou uns segundos e acto seguido contesoulle a Morgana:

—Moi ben. Se así están as cousas, entón marcharei esta mesma noite...

A bruxa sorriu, satisfeita, pero inmediatamente Sid engadiu:

—Irei buscar a Merlín. Pedireille que sexa el o que arrinque o *Trevo Máxico*. O feitizo do que me falas di que quen o arrinque morrerá ós tres días, pero se o fai Merlín, entón el non morrerá. O conxu-

ro quedará desfeito, xa que quen ten que morrer se non se arranca e quen ten que morrer se se arranca son a mesma persoa. Así, Merlín, quedará fóra de perigo e despois darme o *trevo*.

Sid fora máis intelixente cá bruxa Morgana, que agora xa non ría. Ó se decatara de que Sid non caera na súa trampa deu media volta coa súa curuxa no ombreiro, subiuse á súa vasoira e marchou veloz, coma un can co rabo entre as pernas, refungando ben alto.

Sid reflexionou sobre o sucedido. El sabía que Merlín non enganaba a ninguén. Como Nott puido crer algo así ou o que fose que lle dixese a Bruxa? Non sabía, como bo cabaleiro, que o máis importante era non perder nunca a fe na propia empresa?

Vira a tantos cabaleiros que se desesperaban e abandonaban cando a Boa Sorte tardaba en chegar, que aprendera o importante que era mante-la fe no que un pensaba que era o correcto.

Antes de adormecer, pensou tamén o importante que era non cambia-la empresa propia pola empresa doutro, é dicir, a da bruxa pola súa propia. A Boa Sorte chegáralle sempre que se mantivera fiel á súa empresa, á súa misión e ó seu propósito.

Por último, lembrou o que sempre lle dixera o seu mestre: «Desconfía do que che propón asuntos nos que se gana moito de forma fácil e rápida. Desconfía do que che venda sorte».




NOVENA REGRA DA BOA SORTE

Cando xa creases tódalas
circunstancias, ten paciencia, non abandones.

Para que a Boa Sorte chegue, confía.

IX

O vento, Señor do Destino e da Sorte



Ó DÍA SEGUINTE, Sid ergueuse un chisco inquieto. Sentou preto da terra que preparara e esperou. Pasaron as horas, pero nada ocorría.

O día foi avanzando, pero seguía sen suceder nada. Sid pensou:

«Ben, en calquera caso, vivín apaixonadamente estes días no Bosque Encantado. Fixen o que cría que era correcto e necesario.»

De verdade era moi difícil escolle-lo lugar exacto en que se supuña que debía agroma-lo *Trevo Máxico de catro follas, o trevo da sorte ilimitada*.

De súpeto, algo inesperado sucedeu.

O vento, o Señor do Destino e da Sorte, o que *en*

aparencia se move ó azar, empezou a axita-las follas das árbores. E a continuación comezaron a chover unhas sementiñas, que eran coma minúsculas pebidas de ouro verde. Eran sementes de *trevos de catro follas*, cada semente era... UNTREVO DA SORTE EN POTENCIA! E non era unha soa... chovían milleiros de sementes de trevos de catro follas.

Pero o verdadeiramente inaudito é que non só caían no lugar onde estaba Sid, senón en todo o Bosque Encantado, ABSOLUTAMENTE ENTODOS E CADA UN DOS RECUNCHOS do bosque.

E non só no Bosque Encantado, senón en todo o reino: chovían sementes de trevos de catro follas sobre as cabezas dos cabaleiros que non aceptaron o reto de Merlín; chovían sobre tódolos seres do bosque, sobre o Gnomo, sobre a Sequoia, sobre a Dama do Lago, sobre Ston...; chovían sobre Nott e sobre Morgana. Chovían sementes de trevos de catro follas... ENTÓDALAS PARTES!

Os habitantes do Bosque Encantado e do reino habitado non lles prestaron atención. Sabían que unha vez ó ano, por esas datas, se daba esa chuvia estraña de sementes verde ouro «que non valía para nada». De feito, cada ano supuña unha molestia, pois era unha chuvia bastante pegañenta...

De alí a un pouco, deixaron de chover sementes de *trevos de catro follas*. As minúsculas sementes de

ouro verde confundíronse entón coa terra, coma pequenas pingas de auga nun océano, a medida que caían por tódolos recunchos do Reino.

Sinxelamente, perdíanse como as sementes que se botan no deserto.

E así desperdiciáronse, pois non xermolarían. Milleiros e milleiros delas morreron na terra gastada, dura e pedregosa dun bosque sombrío.

Todas, excepto unhas ducias delas que foron parar a unha pequena extensión de terra fresca e fértil, na que lucía o sol e refrescaba a sombra, na que había auga dabondo e que estaba libre de pedras.

Esas e soamente esas sementes se converteron ó cabo dun pouco en gromos de *trevos de catro follas*, en *multitude de gromos de Trevos Máxicos*, un número suficientemente grande para ter sorte todo o ano... ata a chuvia do ano seguinte. Noutras palabras: *sorte ilimitada*. Sid observou abraiado a Boa Sorte que creara. Conmovidado e emocionado, axeonllouse en signo de gratitude e brotaron bágoas dos seus ollos.

Cando se decatou de que o vento amainaba quixo despedirse del e darlle as grazas por traerlle as sementes. Así que, mirando ó ceo, invocouno:

—Vento, Señor do Destino e da Sorte, onde estás? Quixera darche as grazas!

O vento respondeu:

—Non é necesario que me déa-las grazas. Cada

ano por estas mesmas datas, reparto sementes de *trevos de catro follas* por todo o Bosque Encantado e por tódolos recunchos do reino habitado. Son o Señor do Destino e da Sorte e entrego, seguindo unha orde firme, as sementes da Boa Sorte alí por onde paso. En contra do que moitos pensan, eu *non reparto* sorte, sinxelamente me ocupo de espallala en tódalas partes por igual. Os *Trevos Máxicos* naceron porque ti creáche-las condicións adecuadas para iso. *Calquera que fixese* o mesmo crearía Boa Sorte. Eu limiteime a face-lo que sempre fixen. A Boa Sorte que levo comigo está sempre aí. O *problema* é que case todo o mundo cre que non é necesario *facen nada*.

E proseguíu:

—De feito, daba igual o lugar que elixises. O importante era que o preparases tal e como fixeches. A sorte é a suma de *oportunidade e preparación*. Pero a *oportunidade*... sempre está aí.

E así é.


Soamente medraron trevos de catro follas, *Trevos Máxicos*, baixo os pés de Sid, porque el era o único en todo o reino que creara as condicións para que medrasen.

Porque, contrariamente ó que moitos cren, a Boa Sorte non é algo que lles pase a *poucos* que non fan *nada*.

A Boa Sorte é aquilo que nos pode pasar a *todos*, se facemos *algo*.

E ese algo consiste tan só en crea-las condicións para que as *oportunidades*, que están aí para todos por igual, non nos morran coma sementes de trevos de catro follas que caen en terra estéril.

E o vento afastouse, á vez que Sid abandonaba o Bosque Encantado para encontrarse con Merlín.



DÉCIMA REGRA DA BOA SORTE

Crear Boa Sorte é prepararlle
as circunstancias á oportunidade.

Pero a oportunidade non é cuestión de sorte
ou azar: sempre está aí!

... polo tanto:

CREAR BOA SORTE UNICAMENTE
CONSISTE EN...
CREAR CIRCUNSTANCIAS!



X

O reencontro con Merlín



NOTT CABALGOU DURANTE toda a noite da sétima xornada. Ó chegar ó castelo, o seu cabalo negro tiña o lombo e os costados ensanguentados polos golpes da fusta e polos frenéticos toques de esporas. Tiña que chegar xusto a tempo para colle-lo *Trevo Máxico* que supuña que agromara nos xardíns do castelo. Pouco despois, o pobre corcel morría de esgotamento.

Nott atravesou a porta do castelo e cada un dos seus salóns, derrubando a golpes e patadas todo canto encontrou no seu camiño. Levaba a espada desenfundada, e o seu rostro desencaixado mostraba uns ollos rubios de ira.

—Merlín! Merlín! Onde estás? Non te agaches, porque te hei atopar!

Nott decidiu ir ó verde e frondoso xardín do castelo, pois sabía que alí encontraría a Merlín.

Cando abriu a porta que conducía ó exterior, puido observar a Merlín no centro do xardín. De pé, firme e sereno, apoiado no seu longo bastón, coa cara seria. Pero o xardín xa non era un xardín... era un patio de lousas! Durante as últimas sete noites, os mestres de obra do castelo dedicáranse a cubri-la terra!

A Nott caeulle a espada da man.

—Por que o fixeches? Por que cubriches o xardín de lousas? —preguntoulle a Merlín.

—Porque se non, intentarías matarme. Non atendería-las miñas explicacións. Era a única forma de te convencer de que aquí non había ningún trevo e de que a bruxa te enganou. Eu, Merlín o Mago, seino todo. *Sabía* que a bruxa che vendería a súa sorte: a que case nunca sucede. *Sabía* que virías deica aquí para matarme e só despois de buscar horas e horas no xardín te convencerías de que aquí non estaba o *Trevo Máxico*. Precisaba disuadirte antes. Non quería loitar en van contra ti.

Nott empezou a decatarse do seu erro. Elixira o camiño fácil. El sempre pensou que *merecía* a sorte. Naquel preciso momento, no xardín do castelo, onda Merlín, tomou conciencia de que estaba equivocado. Merlín proseguiu coas súas explicacións:

—Agora xa o sabes: o *Trevo Máxico* non está aquí. Naceu hai unhas horas no Bosque Encantado, tal e como prometín. Había suficientes *Trevos Máxicos*, tamén para ti. Pero abandonácheste a ti mesmo: non criches en ti. Aínda máis, esperaches sempre que os outros che regalasen a súa sorte. A túa visión desta empresa era demasiado limitada e carecía da paixón, do entusiasmo, da entrega, da xenerosidade e da confianza necesarias para chegar a obter cantos trevos máxicos da Boa Sorte quixeses.

Nott deu media volta e, sen espada nin cabalo, andou ata o castelo, onde permaneceu en negra soledade tempo e tempo.



Ó día seguinte, Sid chegou á cidade. O primeiro que fixo foi ir ó castelo para dicirlle a Merlín que encontrara o *Trevo Máxico*, o *trevo da sorte ilimitada*. Quería darlle as gracias.

—Merlín! Merlín! Mira! —e mostroulle unha manchea de *trevos máxicos de catro follas*, *trevos da Boa Sorte*. Fíxate, non había un só *Trevo Máxico*: había tantos como quixeses.

—Claro, Sid! Porque se un *crea circunstancias*, pode xerar tanta Boa Sorte como queira. Por iso, a Boa Sorte é *ilimitada*.

—Gustaríame darche as gracias dalgún xeito, Merlín. Débocho a ti.

—Nada diso! —Respondeulle Merlín—. Eu non fixen nada. *Absolutamente* nada. TI decidiches ir ó Bosque Encantado, TI aceptáche-lo desafío entre centos de cabaleiros, TI optaches por *renova-la terra*, a pesar de que che dixeron que nunca nacería un *trevo* no bosque. TI decidiches compartila túa sorte coa Dama do Lago. TI decidiches perseverar e non *posterga-la limpeza das pólas*. TI decatácheste do que era *aparentemente innecesario pero imprescindible* e

comprendíche-la importancia de quita-las pedras cando parecía que xa o fixeras todo. TI decidiches *crer para ver*. TI criches no que fixeras, aínda cando che dixeron que che podían vende-la sorte.

E Merlín engadiu:

—Pero, e isto é o máis importante, Sid, TI DECIDICHES NON CONFIAR NA CASUALIDADE PARA ENCONTRA-LO TREVO, E PREFERICHES CREA-LAS CIRCUNSTANCIAS PARA QUE EL VIÑESE A TI.

E sentenciou:

—TI DECIDICHES SE-LA CAUSA DA TÚA BOA SORTE.



A NOVA ORIXE DA BOA SORTE

Dado que crear Boa Sorte é crear
circunstancias... a Boa Sorte soamente
depende de TI.

A partir de hoxe, TI tamén podes crear
Boa Sorte!

Sid despediuse de Merlín cunha firme e afectuosa aperta. Despois subiu ó seu branco cabalo e partiu en busca de aventuras. Pasou o resto dos seus días ensinándolles a outros cabaleiros e non cabaleiros, incluso ós nenos, as regras da Boa Sorte.

Agora que sabía crear Boa Sorte, non podía gardar ese segredo soamente para si, porque a Boa Sorte é para compartila.

E é que Sid pensou que se, actuando en solitario, fora quen de crear tanta Boa Sorte en tan só sete xornadas, de que non sería capaz todo un Reino, se cada un dos seus habitantes aprendían a crear Boa Sorte o resto das súas vidas?

TERCEIRA PARTE:

O reencontro

Ó REMATA-LO CONTO, David tamén estaba descalzo e apoiaba os pés nus sobre os frescos trevos que había debaixo do banco en que os dous amigos se sentaran.

Os dous quedaron en silencio, como se meditasen acerca do conto. Así pasaron uns minutos. *Os dous* estaban pensando en *algo*. Unha bágoa rodou pola meixela de David. O primeiro en falar foi Vítor.

—Sei o que estás pensando, pero non busques segundas intencións nas miñas palabras...

—Por que? —preguntoulle David.

—Supoño que pensas que é só unha fábula, un conto... non sei... non quixen dicir que *ti*... eu só che quería facer chega-la Boa Sorte.

—Precisamente pensaba niso, Vítor. Pensaba na

forma en que ese conto chegou a min: a fortuna dun encontro co meu amigo da infancia, que non vía dende había cincuenta anos, puxo este conto nas miñas mans.

Vítor reflexionou sobre iso, sobre o encontro casual con David: *unha tremenda casualidade*. Iso fora *sorte*, e non Boa Sorte. Pensou que o conto da Boa Sorte lle chegara a David *por azar*. Vaia paradoxo!, pensou. Díxolle a David:

—Si, é certo. O conto da Boa Sorte chegou ás túas mans por azar.

—Cres iso? —espetoulle David—. Precisamente eu estaba pensando todo o contrario.

—O contrario? —preguntou Vítor sen comprender a que se refería David.

—Si, o contrario. Fun *eu* o que creou as circunstancias para que este conto chegase a min. Para que a Boa Sorte chegase ás miñas mans.

—Ti?!

—Si, Vítor. Non é casualidade que ti e mais eu nos encontráramos. Nestes últimos catro anos, os peores que pasei, a miña única esperanza era encontra-lo único amigo que tiven: a ti. Nos últimos anos non houbo un só día que non buscáse o teu rostro entre a multitude. En cada persoa coa que me cruzaba, en cada semáforo, nas terrazas dos bares, en tódolos recunchos da cidade... nunca deixei de

mirar para cada cara, coa esperanza de reconece-la túa. É-lo único amigo que teño e que tiven. Imaxinei moitas veces que te encontraba. Visualiceí moitas veces o noso reencontro, igual ca Sid vía medra-lo seu *trevo*. Ás veces, incluso puiden senti-la aperta que nos demos hai unha hora escasa... xamais deixei de crer que sucedería.

E engadiu:

—Encontreite porque *eu* quixen encontrarte... O conto da Boa Sorte chegou a *min*, porque *eu*, sen sabelo, estábao buscando.

Visiblemente emocionado, Vítor díxolle a David:

—Así pois, en realidade pensas que a fábula di a verdade...

—Claro que si —proseguíu David—, penso que a fábula di a verdade. Non pode ser doutro xeito: o noso encontro demostroume que *eu* tamén podo ser coma Sid. *Hoxe* fun *eu* o que creou Boa Sorte. Eu tamén podo crear Boa Sorte. Non te decatas?

—Claro que me decato! —exclamou Vítor.

—Podería engadirlle eu unha regra máis á túa fábula? —preguntoulle entón o seu amigo.

—Por suposto —dixo Vítor.

E David engadiu:



O CONTO DA BOA SORTE...
...NUNCA CHEGA ÁS TÚAS MANS
POR CASUALIDADE.

Vítor sorriu. Non facía falta dicir máis nada. Entre bos amigos, as palabras son case sempre innecesarias. Abrazáronse de novo. Vítor marchou, pero David quedou sentado no banco e volveu pousa-los pés nus na herba fresca do gran parque da cidade.

Enredouse uns instantes cun formigo que sentía no nocello.

Inclinouse e, sen mirar, arrincou unha herbiña que lle acariñaba suavemente a pel.

Era un trevo de catro follas.

David decidira, ós seus sesenta e catro anos, empezar a crear Boa Sorte.

...Canto tempo vas esperar ti?

CUARTA PARTE:

Algunhas persoas que
están de acordo

«O noventa por cento do éxito consiste sinxelamente en insistir.»

Woody Allen

«Circunstancias? Que son as circunstancias? Eu son as circunstancias!»

Napoleón Bonaparte

«Só triunfa no mundo quen se ergue e busca as circunstancias, e créaas se non as atopa.»

George Bernard Shaw

«Moitas persoas cren que ter talento é unha sorte; non obstante, poucas pensan que a sorte pode ser cuestión de talento.»

Jacinto Benavente

«A sorte favorece só a mente preparada.»

Isaac Asimov

«A sorte axuda ós ousados.»

Virxilio

«A sorte é o pretexto dos fracasados.»

Pablo Neruda

«O froito da sorte só cae cando esta maduro.»

Friedrich von Schiller

«Creo moitísimo na sorte, e descubro que canto máis traballo máis sorte teño.»

Stephen Leacock

«Canto máis practico, máis sorte teño.»

Gary Player

«Existe unha porta pola que pode entra-la Boa Sorte, pero ti te-la chave.»

Proverbio xaponés

«A nosa sorte non se atopa fóra de nós, senón que está en nós mesmos e na nosa vontade.»

Julius Grosse

«A sorte vai á coraxe.»

Ennio

«De tódolos camiños que conducen á sorte, os máis seguros son a perseveranza e mailo traballo»

Marie R. Reybaud

«A sorte axuda ós valentes.»

Publio Terencio

«A resignación é un suicidio cotián.»

Honoré de Balzac

«Que a inspiración chegue non depende de min. A única cousa que eu podó facer é preocuparme de que me atope traballando.»

Pablo Picasso

«A sorte do xenio é un por cento de inspiración e un noventa e nove por cento de transpiración.»

Thomas Edison

«Ti e-lo motivo de case todo o que sucede.»

Niki Lauda

«A sorte non é máis cá habilidade de aproveita-las ocasións favorables.»

Orison Sweet Marden

«Só aqueles que non esperan nada do azar son amos do seu destino.»

Matthew Arnold

«O home sabio crea máis oportunidades cás que atopa.»

Francis Bacon

«Un optimista ve a oportunidade en calquera calamidade, un pesimista ve unha calamidade en calquera oportunidade.»

Winston Churchill

«E cando pensas realiza-lo teu soño?», preguntoulle o mestre ó seu discípulo. «Cando teña a oportunidade de facelo», respondeu o discípulo. O mestre contestoulle: «A oportunidade nunca chega. A oportunidade xa esta aquí.»

Anthony de Mello

«Deus non xoga ós dados co Universo.»

Albert Einstein

QUINTA PARTE:

Decálogo, síntese e nova orixe da Boa Sorte

PRIMEIRA REGRA DA BOA SORTE

A sorte non dura demasiado tempo, porque non depende de ti.

A Boa Sorte créaa un mesmo, por iso dura sempre.

SEGUNDA REGRA DA BOA SORTE

Moitos son os que queren ter Boa Sorte, pero poucos os que deciden ila buscar.

TERCEIRA REGRA DA BOA SORTE

Se agora non tes boa sorte quizais sexa porque as circunstancias son as de sempre.
Para que chegue a Boa Sorte, é conveniente crear novas circunstancias.

CUARTA REGRA DA BOA SORTE

Prepara-las circunstancias para a Boa Sorte non significa buscar só o propio beneficio.

Crear circunstancias para que outros tamén ganen atrae a Boa Sorte.

QUINTA REGRA DA BOA SORTE

Se «deixas para mañá» a preparación das circunstancias, quizais a Boa Sorte non chegue nunca. Crear circunstancias require dar un primeiro paso... Dáo hoxe!

SEXTA REGRA DA BOA SORTE

Aínda en circunstancias aparentemente necesarias, a Boa Sorte non chega.
Busca nos pequenos detalles circunstancias aparentemente innecesarias...,
pero imprescindibles!

SÉTIMA REGRA DA BOA SORTE

Para aqueles que só cren no azar, crea-las circunstancias resúltalles absurdo.

Ós que se dedican a crear circunstancias, o azar non lle preocupa nin unha chisca.

OITAVA REGRA DA BOA SORTE

Ninguén pode vende-la sorte.

A Boa Sorte non se vende.

Desconfía dos vendedores da sorte.

NOVENA REGRA DA BOA SORTE

Cando xa creases tódalas circunstancias, ten paciencia, non abandones.

Para que a Boa Sorte chegue, confía.

DÉCIMA REGRA DA BOA SORTE

Crear Boa Sorte é prepararlle as circunstancias á oportunidade.

Pero a oportunidade non é cuestión de sorte ou azar: sempre está aí!

SÍNTESE

Crear Boa Sorte unicamente consiste en...
crear circunstancias!

A NOVA ORIXE DA BOA SORTE

Dado que crear Boa Sorte é crear
circunstancias...

A Boa Sorte soamente depende de TI
A partir de hoxe, TI tamén podes crear
Boa Sorte!

E lembra que...

O CONTO DA BOA SORTE...

...non está nas túas mans
por casualidade.

*Este libro escribiuse en oito horas, dunha tirada.
Pola outra banda, levounos máis de tres anos
identifica-las regras da Boa Sorte.*

*Haberá algúns que só se van acordar do primeiro feito.
Outros só se acordarán do segundo.*

Os primeiros pensarán que tivemos sorte.

*Os outros pensarán que aprendemos e traballamos
para crea-la «Boa Sorte».*



AGRADECEMENTOS

A Gregorio Vlastelica, o noso editor de Urano, que dende o principio creu no proxecto. Gracias á súa sensibilidade e xenerosidade este relato ten sen dúbida un alcance maior ó previsto polos autores.

A todos e cada un dos profesionais que forman o fantástico equipo de Ediciones Urano.

A Isabel Monteagudo e Maru Montserrat, as nosas axentes literarias, pola súa ilusión e empuxe. Polos seus centos de horas dedicadas a contactar con editores de todo o mundo e conseguir que un conto de dous barceloneses vise a luz simultaneamente en tantos países e en tantas linguas; sen dúbida, un feito editorial sen precedentes.

A tódolos co-axentes de Internacional Editors' Co. e en especial a Laura Dail pola súa tenacidade e a súa fe neste libriño. Só ela podía lograr que A Boa Sorte se publicase en tódolos países de fala inglesa.

A Susan R. Williams, a nosa editora nos Estados Unidos de América e en tódolos países de fala inglesa. Susan tivo a coraxe de apostar polo libro e facer del un proxecto mundial.

A Philip Kotler, pola súa fermosa cita, que nos autorizou a incluír na portada de tódalas edicións do mundo. Polo seu inestimable apoio para que este libro se publicase nos Estados Unidos de América.

A Emilio Mayo, con quen compartimos Boa Sorte hai sete anos e esperamos seguir compartindo moitos anos máis.

A Jordi Nadal, polo seu talento e amizade. Jordi é o noso Merlín particular.

A Manel Armengol, un verdadeiro Sid, amigo e compañeiro: el animounos a partir na busca do trevo.

A Josep López, porque a súa experiencia editorial é fonte inesgotable de inspiración e mellora.

A Josep Feliu, polas ilustracións, coas que tan amablemente nos obsequiou e que acompañan este conto.

A Jorge Escribano, por mostrárno-lo camiño cara ó Bosque Encantando e por crea-las circunstancias para que medren trevos.

A Montse Serret, pola súa xenerosa axuda, paixón e apoio dende que viu o primeiro manuscrito.

A Adolfo Blanco, as súas brillantes observacións e achegas ó primeiro manuscrito permitiron que todo o positivo que hai nel quedase máis patente.

Ós nosos colegas e compañeiros de ESADE, a tódolos participantes nos diferentes programas e seminarios que impartimos. Por seren fonte de inspiración.

Ós nosos diferentes mestres e profesores, porque son a base da nosa aprendizaxe e coñecemento.

A María, Blanca e Alejo, polo seu apoio, e polas horas roubadas. Eles están detrás de cada historia, en cada frase, en cada palabra.

A Mónica, Laia e Pol polo seu amor e agarimos. Sóde-lo motivo polo cal cada día ten sentido crear circunstancias para que medren trevos máxicos.